

2024



MEMORIA ANUAL 2024

**Memoria anual de actividades e resultados do Instituto de Física e
Ciencias Aeroespaciais (IFCAE) da Universidade de Vigo.**

Ano 2024

ÍNDICE

1. Carta do director
2. Resumo e análise
3. Persoal
4. Proxectos e contratos
5. Resultados: publicacións e patentes
6. Actividades e difusión
7. Presenza nos medios

1. Carta do director

É para min unha honra presentar esta nova memoria anual do Instituto de Investigación en Física e Ciencias Aeroespaciais da Universidade de Vigo (IFCAE). Ao longo de 2024, o IFCAE non só consolidou a súa actividade investigadora, senón que superou amplamente as expectativas marcadas no seu plan inicial. Este crecemento reflicte o compromiso, a capacidade e a ilusión dos equipos que integran o instituto.

O ano estivo marcado por fitos destacados tanto na captación de fondos como na produción científica, na transferencia de coñecemento e na integración co entorno. Os resultados acadados son, sen dúbida, froito dun traballo colectivo baseado na colaboración, tanto interna como con outras institucións e empresas. A evolución do IFCAE mostra que o modelo funciona, mais tamén evidencia a necesidade de continuar fortalecendo a nosa estrutura para acadar novos obxectivos.

O IFCAE está a consolidarse como un referente na investigación en física e en ciencias aeroespaciais, non só no eido autonómico, senón tamén a nivel estatal e internacional. Apóiase para iso nun ecosistema multidisciplinar cada vez máis sólido, no que cómpre salientar tamén a valiosa colaboración dos membros do Laboratorio de Intelixencia Artificial Aplicada, que decidiron unirse a este proxecto e enriquecer así a nosa capacidade científica e tecnolóxica. O recoñecemento institucional e mediático dalgúns dos nosos traballos serve como impulso para continuar cunha traxectoria ascendente, mentres a nosa participación en proxectos competitivos, a implicación en iniciativas de transferencia e a aposta pola divulgación son sinais dunha identidade propia e dunha vontade de impacto real na sociedade.

Somos conscientes dos retos que aínda temos por diante: mellorar indicadores estratéxicos, captar talento e asegurar financiamento estrutural que nos permita consolidar o instituto a medio e longo prazo. Para iso, seguiremos traballando con ambición, buscando novas sinerxías e reforzando a nosa presenza institucional, científica e social.

Agradezo profundamente o esforzo de todo o persoal investigador e técnico que fai posible o día a día do IFCAE, así como o apoio recibido desde diferentes ámbitos. Miramos ao futuro con responsabilidade e ilusión, decididos a seguir medrando e contribuíndo ao avance da ciencia e da tecnoloxía desde Galicia.

Atentamente,
Ángel Paredes Galán
Director, Instituto de Investigación en Física y Ciencias Aeroespaciales
Universidad de Vigo

2. Resumo e análise

No ano 2024, o IFCAE continuou crescendo e é preciso enfatizar que está **superando** con creces en practicamente todos os indicadores **as previsións** aprobadas na memoria inicial do instituto, e moi especialmente na captación de fondos. Os datos e listados especifícanse nas vindeiras sección, pero cómpre facer unha reflexión global da situación e traxectoria do instituto.

Con 20 **proxectos** activos (6 deles internacionais) e 24 **contratos** con empresas ou institucións, os ingresos anuais superaron por primeira vez o millón de euros. Cabe destacar as sinerxias establecidas grazas ao instituto, por exemplo co proxecto nacional PID2023-146884NB-I00, no que colaboran investigadores e investigadoras do Grupo de Enxeñaría Física e do Laboratorio de Intelixencia Artificial Aplicada. Cómpre destacar tamén o labor de transferencia, demostrado pola concesión de diversos proxectos competitivos de colaboración público-privada. Destaca tamén o proxecto internacional AEROGANP, liderado desde IFCAE, que está a fomentar a colaboración en investigación no sector aeroespacial na Eurorrexión Galicia-norte de Portugal. A integración no tecido local da provincia de Ourense vese tamén refrendado porque tres dos proxectos INOU deo ano 2024 foron obtidos por investigadores IFCAE. A evolución do IFCAE na captación de fondos é claramente positiva, pero é preciso seguir impulsándoa para seguir crescendo e desenvolvendo o noso potencial.

A **producción científica** vese reflectida en 50 publicacións, 38 delas no JCR, a maioría no primeiro cuartil. Destaca tamén a concesión de dous rexistros de software e a participación en numerosos congresos internacionais para a difusión dos resultados. Os resultados científicos e o traballo de IFCAE chegaron tamén a ter unha importante difusión pública na prensa. Nese sentido, cómpre destacar en 2024 a publicidade acadada polo artigo *Feasibility study of a Solar Electric Propulsion mission to Mars*, que foi referenciado en blogs científicos nacionais e internacionais e do que os medios fixéronse eco, chegando por exemplo a aparecer no Telexornal da Televisión de Galicia.

O IFCAE realizou tamén diversas **actividades de difusión e divulgación**, entre as que destaca o *I Ciclo de Enxeñaría Dixital* que tivo lugar o 13 de novembro de 2024 con poñentes de empresas líderes como Reganosa, Sertogal e Navantia e congregou a case unha centena de asistentes. A difusión das actividades e resultados do IFCAE segue canalizándose tamén a través da web do instituto e da súa conta na rede social LinkedIn:

<https://ifcae.uvigo.es/gl>

<https://es.linkedin.com/company/uvigo-ifcae>

Cómpre salientar especialmente **dous premios** outorgados pola Fundación Enaire a proxectos liderados polo IFCAE. O primeiro deles trátase da segunda edición do “Concurso de ideas de negocio en gestión de tráfico aéreo”, no que se recoñeceu o proxecto AirEmpires: Sky Managements, no que participaron Francisco Javier Rodríguez e Lorena Otero. O segundo premio correspondeu á convocatoria de Premios Aeronáuticos 2024. Os investigadores do IFCAE Higinio González e Enrique Aldao recibiron o Premio

Espazo Manuel Abejón Adámez polo seu traballo en referencia ao tratamento do lixo espacial. Recibiron o premio en Madrid da man de Su Majestad El Rey Felipe VI.



Finalmente, realizáronse en 2024 unha serie de actuacións para o fortalecemento e desenvolvemento do instituto. As máis importantes son:

- Creación da Comisión de Igualdade, que se constituíu o 9 de febreiro, completando deste xeito a posta en marcha dos distintos órganos de gobernanza e xestión do instituto.
- Creación do grupo AEROLAB. Grazas ao seu crecemento e desenvolvemento puido crearse este novo grupo de investigación especializado no seo do IFCAE.
- Déronse pasos de cara á adaptación da imaxe do IFCAE á imaxe corporativa da Uvigo, por exemplo co logo que se utiliza no presente informe.
- O IFCAE conseguiu acadar a autorización da Agencia Estatal de Seguridad Aérea (AESA) para ser oficialmente unha operadora de drons autorizada. Este é un éxito estrutural que permite reforzar de xeito decisivo a actividade e transferencia no eido das aeronaves non tripuladas.
- Adquiriuse un novo servidor de cálculo para o uso compartido dos investigadores e investigadoras do IFCAE.

Pechamos esta sección cunha breve **análise** da situación do IFCAE no presente e de cara ao futuro. As fortalezas do IFCAE vense reflectidas nos parágrafos anteriores: boa traxectoria en captación de fondos, en transferencia e en publicacións, unha interesante actividade de difusión e unha gobernanza acaída. Sen embargo, existe moito marxe de mellora. Un obxectivo claro debe ser a captación de fondos estruturais da Xunta de Galicia. Coa normativa actual, sería precisa acadar a condición de centro CIGUS. En parte debido o reducido número de investigadores de IFCAE en comparación cos centros CIGUS, os indicadores actuais están lonxe dos requiridos. É preciso seguir crescendo e optimizando os recursos, de cara a que o instituto estea preparado cando poidan xurdir oportunidades para a súa financiación ou o seu fortalecemento.

Neste contexto, ademais de seguir potenciando as mencionadas fortalezas, pódense mencionar os seguintes obxectivos como aspectos clave a mellorar de cara a vindeiras anualidades:

- Aumentar o número de teses defendidas.
- Aumentar a captación de investigadores posdoutorais a través de convocatorias competitivas.
- Fomentar as sinerxias entre os distintos grupos de investigación do instituto.
- Tratar de paliar o desequilibrio de xénero entre os membros do instituto.
- Promocionar a imaxe de marca do instituto e a súa difusión.
- Potenciar as actividades de internacionalización do instituto.

3. Persoal


O IFCAE conta con 48 membros repartidos do seguinte modo:

- Persoal permanente da Universidade de Vigo: 29
- Persoal non permanente consolidable da Universidade de Vigo: 3
- Outro persoal investigador (predoutoral ou contratados por proxectos): 11
- Persoal de apoio técnico ou de administración: 2
- Persoal colaborador externo: 3

O persoal permanente ou consolidable repártese do seguinte xeito nos departamentos da Universidade de Vigo:

PERSOAL PERMANENTE OU CONSOLIDABLE	
Departamento de Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos	1
Departamento de Enxeñaría dos materiais, mecánica aplicada e construción	1
Departamento de Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente	2
Departamento de Enxeñaría de Sistemas e Automática	2
Departamento de Informática	12
Departamento de Física Aplicada	12
Departamento de Matemática Aplicada II	2
TOTAL PERSONAL PERMANENTE OU CONSOLIDABLE	32

Por outra banda, se analizamos o persoal por xénero, vemos que non existe un equilibrio, estando a fracción de mulleres moi por debaixo do 50%, como se mostra na figura. Sería desexable polo tanto que, na medida posible, a futura captación de persoal axudase a paliar este desequilibrio.



ALTAS E BAIXAS DE PERSOAL PERMANENTE OU CONSOLIDABLE

Altas en 2024: Iván Carlos Area Carracedo, Xosé Luis Legido Soto

Baixas en 2024: Ana María Ulla Miguel

CAPTACIÓN DE TALENTO

A captación de talento debe ser uns dos eixos clave de actuación do IFCAE e un dos aspectos a mellorar de cara a vindeiras anualidades. É unha prioridade apoiar activamente solicitudes en convocatorias competitivas. En particular, en 2024 apoiáronse candidaturas competitivas nas seguintes convocatorias, sen resolver no momento de redacción deste:

Convocatorias nacionais:

- Persoal técnico de apoio (PTA)
- Beatriz Galindo

Convocatoria autonómica:

- Postdoc Xunta de Galicia

4. Proxectos e contratos

Lístanse nesta sección os proxectos e contratos que, estando activos en 2024, contan cun membro do IFCAE como investigador/a responsable. Os datos están publicados no portal de investigación da Universidade de Vigo: portalcientifico.uvigo.gal, onde se poden atopar máis detalles de cada un dos proxectos e contratos. En total, trátase de:

- 20 proxectos obtidos en convocatorias competitivas (6 internacionais, 9 nacionais e 5 autonómicas ou locais), cun orzamento total agregado de 2,52 M€.
- 24 contratos con empresas ou institucións, cun orzamento total agregado de 0,54 M€.

Estes ingresos están repártense entre os anos de duración de cada actividade, estando o total ingresado na anualidade de 2024 en torno a 1 millón de euros. Habería que sumar aos ingresos monetarios un proxecto liderado por Elena Martín e concedido pola Red Española de Supercomputación na que se obtiveron horas de acceso prioritario á rede nacional de infraestruturas de cálculo HPC. Os ingresos da anualidade repártense como se indica na figura.



Sen ser investigadores principais, cómpre tamén mencionar a participación de investigadores do IFCAE na rede nacional de investigación sobre Fundamentos e Aplicacións de Luz Estruturada (FASLIGHT), sendo Ángel Paredes o coordinador do nodo local.

PROXECTOS FINANCIADOS en CONVOCATORIAS COMPETITIVAS, activos en 2024

Convocatorias internacionais:

1. Incubadora Transfronteriza Eurorregión Galicia-Norte de Portugal (Incubtrans). 0158_INCUBTRANS_1_E. IP: Francisco Javier Rodríguez Martínez. Duración: 2023-2026. Importe: 87.064,92 €.
2. Sistema de control y prevención de contaminantes en aguas de mineromedicinales mediante IA. S1/1.1/E0056. IP: José Luis Legido Soto. Duración: 2024-2026. Importe: 234.000,98 €.
3. Programa integral digitalizado, basado en inteligencia artificial, para la promoción del envejecimiento saludable. 0248_IBERLONGEVA_6_E. IP: Francisco Javier Rodriguez Martinez. Duración: 2024-2026. Importe: 434.040,03 €.
4. Feasibility and Assessment of Rotating Detonation Engines | Feasibility and Assessment. ESA AO/1-11123/22/NL/MG. IP: Elena Beatriz Martín Ortega. Duración: 2022-2025. Importe: 22.775,00 €.
5. Sustainability And Resilience for Infrastructure and Logistics networks. HORIZON-CL5-2022-D6-02 SARIL. IP: Higinio González Jorge. Duración: 2023-2026. Importe: 263.555 €.
6. Creación dun eixo transfronteirizo no eido AEROespacial e aeronáutico na Eurorrexión Galicia Norte de Portugal. 0054_AEROGANP_1_E. IP: Humberto Javier Michinel Álvarez. Duración: 2023-2026. Importe: 291.925,00 €.

Convocatorias nacionais:

1. Simulando Sistemas Cuánticos No Lineales Multidimensionales Mediante Redes Neuronales Informadas Pr Física. PID2023-146884NB-I00 IP: Humberto Javier Michinel Álvarez Y David Nicholas Olivieri Cecchi. Duración: 2024-2027. Importe: 62.500 €.
2. Aplicaciones de sistemas no lineales de Schrödinger en fotónica, fluidos cuánticos y ondas de materia cósmicas. PID2020-118613GB-I00 K155. IP: Humberto Javier Michinel Álvarez Y Ángel Paredes Galán. Duración: 2021-2025. Importe: 48.400 €.
3. Complejidad de Sistemas Acuosos en Condiciones de Subenfriamiento e Interés Biológico. PID2023-147148NB-I00. IP: Jacobo Antonio Troncoso Casares. Duración: 2024-2027. Importe: 50.000 €.
4. Experimentos, simulación y teoría de la auto organización en sistemas biológicos. PID2020-115722GB-C22. IP: Jacobo Antonio Troncoso Casares. Duración: 2021-2025. Importe: 48.400 €.
5. Digitalización del espacio aéreo y marino para el despliegue de sistemas aéreos no tripulados aplicados al mantenimiento de parque eólicos offshore. TED2021-

- 129756B-C31. IP: Higinio González Jorge Y Elena Beatriz Martin Ortega. Duración: 2022-2024. Importe: 149.845,00 €
6. Modelo de inspección e información ferroviaria (RIIM). PLEC2021-007940. IP: Higinio González Jorge. Duración: 2021-2024. Importe: 99.992,00 €
 7. Movilidad aérea urbana segura y eficiente en vertipuertos basada en modelos CFD de micrometeorología. PID2021-1250600B-I00. IP: Higinio Gonzales Jorge Y Elena Beatriz Martin Ortega. Duración: 2022-2025. Importe: 121.000,00 €.
 8. Sistema de inspección ferroviaria adaptativo e inteligente (AIRIS). CPP202-009680. IP: Higinio González Jorge. Duración: 2023-2026. Importe: 234.252,12 €.
 9. Desarrollo De Un Sistema De Control Y Gestión De Granjas Avícolas Basado en una arquitectura de información habilitadora para la implantación de un sistema gemelo digital (TWINBRO) - CPP2021-008826. IP: Francisco Javier Rodríguez Martínez. Duración: 2022-2025. Importe: 208.151,00 €.
 10. CFD Database Generation for Reduced Order Modeling of Rotating Detonation Engines - RES-IM-2024-1-0006. IP: Elena B. Martin. Duración: 2024. Acceso prioritario (en concurrencia competitiva) a la red nacional de infraestructuras de cálculo HPC. Entidad: Red Española de Supercomputación (RES). Horas concedidas de acceso prioritario: 1.789 kh

Convocatorias autonómicas e locais:

1. Empleo de drones para implementar un sistema de ganadería de precisión en vacuno y equino. FEADER2024/052B. IP: Higinio González Jorge. Duración: 2024-2026. Importe: 55.000 €.
2. Consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do Sistema universitario de Galicia Grupo OF1. IP: Humberto Michinel Álvarez. Duración: 2024-2026. Importe: 92.000 €.
3. Vixilancia de plantas invasoras na Galicia Ourensá (VIGOUR) INOU24-03. IP: Fernando Veiga López Y Guillermo Guada Prada Duración: 2024 Importe: 6.555 €.
4. Integración de tecnoloxías de posicionamento vehicular con sensorización do entorno. Aplicación á estimación do estado das estradas na provincia de Ourense. INOU24-02. IP: Matias Garcia Rivera. Duración: 2024. Importe: 6.555 €.
5. DIFRA: Detección de Infraccións en Franxas de Protección con Drons - INOU24-05. IP: Lorena Otero Cerdeira. Duración: 2024. Importe: 6.555,00 €.

CONTRATOS CON EMPRESAS OU INSTITUCIÓN, activos en 2024


1. Elaboración De Planta De Producción De Microalgas Para Aplicacións En Talasoterapia. IN-0460-23. IP: J.L. Legido. Duración: 2023-2025. Importe: 6.000 €.
2. Aplicacións Cosméticas De Novos Peloides Mariños. IN-0250-23. IP: José Luis Legido Soto. Duración: 2023-2024. Importe: 3.000 €.

3. Estudo De Eficacia De Produtos Cosméticos. Proxecto Outermal. IN-0405-23. IP: José Luis Legido Soto. Duración: 2023-2024. Importe: 14.710€.
4. State Of Play Of Pelotherapy In France And Europe. IN-0455-23. IP: José Luis Legido Soto. Duración: 2023-2024. Importe: 17.500€.
5. Sistema De Toma De Datos E Análise Automático, Sobre Plataforma Iot, Fasel: Planificación E Deseño. IN-0454-23. IP: Eduardo Balvis Outeiriño. Duración: 2023-2024. Importe: 7.200€.
6. Contrato De Colaboración Entre A Universidade De Vigo E A Empresa Patatas Y Cebollas Gándara S.C. No Marco Do Plan De Innovación En Procesos E Organización Da Empresa. In848-D-2024-0000008. IP: Higinio Gonzalez Jorge Y Fernando Veiga López. Duración 2024 – 2025. Importe: 17.500 €
7. Contrato De Colaboración Entre A Universidade De Vigo E A Empresa Innebo Ingeniería S.L. No Marco Do Plan De Innovación En Procesos E Organización Da Empresa. In848-2024-00000040. IP: Higinio Gonzalez Jorge. Duración 2024 – 2025. Importe: 30.000 €
8. Organización do Ico26, Actualización De Bases De Datos De Ico E Boletín. IN-0096-2024 00VT. IP: Humberto Michinel Álvarez. Duración 2024. Importe: 15.000 €
9. Estudo Numérico De Tensións Sobre Maza Superior MG-5237 - IN-0087-24. IP: Elena Beatriz Martín Ortega. Duración 2024. Importe: 7.600 €
10. Investigación En Técnicas De Modelización Machine Learning E Elementos Finitos Para A Analise Predictiva De Fallos En Accionamentos Mecánicos De Prensas De Forxa En Quente (MODPREN). CO-0014-24. IP: Elena Beatriz Martín Ortega. Duración 2024-2025. Importe: 90.000 €
11. Análise E Predición Intelixente Mediante Sensórica E Bigdata No Sector Primario E Alimentación Dentro Do Proxecto Prevai (Development And Implementation Of An Ai-Based Demand Forecasting Tool For The Optimization Of Cream Cheese Manufacturing). CO-0029-24. IP: Lorena Otero Cerdeira Y Francisco Javier Rodríguez Martínez Duración 2024-2025. Importe: 14.000 €
12. Chatbot Para Aplicación No Sector Lácteo - Programa De Apoio A Dixital HUBS_PADIH (EXPTE. 2023/DIH_01/000389)-CO-0022-24. IP: Francisco Javier Rodríguez Martínez. Duración 2024-2025. Importe: 25.095,51 €
13. Sistema De Análise Científica De Datos Mediante Business Intelligence En Ámbitos De I+D. Programa De Apoio A Digital Innovation HUBS_PADIH. EXPEDIENTE 2024/DIH_01/000025-CO-0033-24. IP: Lorena Otero Cerdeira Y Francisco Javier Rodríguez Martínez. Duración 2024-2025. Importe: 24.935,69 €
14. Algoritmo De Intelixencia Artificial Para Xerar Un Sistema De Predición E Análise En Servizos Hosteleiros-Programa De Apoio Á Dixital Innovation HUBS-PADIH. EXPTE 2024/DIH_01/000004-CO-0032-24. IP: Lorena Otero Cerdeira Y Francisco Javier Rodríguez Martínez. Duración 2024-2025. Importe: 24.935,69 €

15. Algoritmo De Intelixencia Artificial De Sensorización En Alimentación. Programa De Apoio Á Digital Innovation Hubs_PADIIH. EXPTE. 2024/DIH_01/000008-CO-0031-24. IP: Lorena Otero Cerdeira Y Francisco Javier Rodríguez Martínez. Duración 2024-2025. Importe: 24.935,69 €
16. Sistema De Análise Científica De Datos En Ámbitos Da Internet Das Cousas. Programa De Apoio Á Digital Innovation HUB PADIIH (EXPTE. 2024/DIH_01/000027) - CO-0053-24. IP: Lorena Otero Cerdeira Y Francisco J. Rdiguez. Duración 2024-2025. Importe: 24.935,69 €
17. Sistema De Intelixencia Artificial Para A Previsión Da Demanda Hoteleira. Programa De Apoio A Digital Innovation HUBS_PADIIH (EXPTE. 2024/DIH_01/000094)-CO-0060-24. IP: Lorena Otero Cerdeira Y Francisco Javier Rodríguez Martínez. Duración 2024-2025. Importe: 24.850,25 €
18. Sistema De Intelixencia De Negocio En Ámbitos De Producción E Venta De Espectáculos A Gran Escala_Programa De Apoio Á Digital Innotavion HUBS_PADIIH (EXPTE. 2024/DIH_01/000096) CO-0056-24. IP: Lorena Otero Cerdeira Y Francisco Javier Rodríguez Martínez. Duración 2024-2025. Importe: 24.935,69 €
19. Sistema De Producción Intlixente De Video Proveniente De Fontes Heteroxéneas_Programa De Apoio Á Digial INNOVATION HUBS_PADIIH (EXPEDIENTE 2024/DIH_01/000123) - CO-0087-24. IP: Lorena Otero Cerdeira Y Francisco Javier Rodriguez Martinez Duración 2024-2025. Importe: 24.935,69 €
20. Desenvolvemento De Rpas (Automatización Robótica De Procesos) Baseado En Intelixencia Artificial Para Xestión Documental Optimizanda. Programa De Apoio A Digital Innovation HUBS_PADIIH (EXPTE. 2024/DIH_01/000315). IP: Lorena Otero Cerdeira Y Francisco Javier Rodriguez Martinez. Duración 2024-2025. Importe: 19.992,84 €
21. Algoritmo Baseado En Intelixencia Artificial (Augmented Analytics) Para Sistema De Producción En Industria Alimentaria- Programa De Apoio Á Digital Innovation HUBS_PADIIH (EXPTE. 204/DIH-01/000277). IP: Francisco Javier Rodriguez Martinez, Lorena Otero Cerdeira. Duración 2024-2025. Importe: 24.835,69 €
22. Ferramenta De Business Intelligence Intelixente En Consultoría De Negocios B2b- Programa De Apoio A Digital Innovation HUBS-PADIIH (EXPTE. 2024/DIH-01/000316)-CO-0117-24. IP: Francisco Javier Rodríguez Martínez, Lorena Otero Cerdeira. Duración 2024-2025. Importe: 24.825,69 €
23. Integración De Datos Con Intelixencia Artificial En Contornos Fintech-Programa De Apoio A Digital Innovation HUBS_PADIIH (EXPTE. 2024/DIH_01/00241)-CO-0119-24. IP: Francisco Javier Rodríguez Martínez, Lorena Otero Cerdeira. Duración 2024-2025. Importe: 22.460,47€
24. Chatbot Conversacional Baseado En Intelixencia Artificial (Axentes Intelixentes) Para Analítica De Datos-Programa De Apoio A Digital Innovation HUBS_PADIIH (EXPTE 204/DIH_01/000313)-CO-0118-24. IP: Francisco Javier Rodriguez Martinez, Lorena Otero Cerdeira, Duración 2024-2025. Importe: 24.835,69 €

5. Resultados: publicacións e patentes

A produción científica de calidade é un dos piares fundamentais da actividade do IFCAE. Neste ano 2024 publicamos 38 artigos en revistas indexadas no Journal of Citation Reports, a maior parte deles no primeiro cuartil, incluíndo algunhas no primeiro decil, como se pode ver no gráfico:



Esta actividade complementábase con outras publicacións incluíndo 3 publicacións en revistas non indexadas, 2 libros e 10 capítulos de libros. Por último, destaca a obtención de dous rexistros de software. Nos seguintes listados inclúense publicacións con algún autor do IFCAE.

PUBLICACIÓNS en 2024

Publicacións en revistas indexadas JCR:

1. Jose Ramon Salgueiro Piñeiro, Angel Paredes Galan, José Guerra Carmenate, Humberto Javier Michinel Alvarez, **On the stability of vortex quantum droplets**. Results in Physics Vol. 64, 107923. DOI: [10.1016/j.rinp.2024.107923](https://doi.org/10.1016/j.rinp.2024.107923)
2. Angel Paredes Galan, Jose Ramon Salgueiro Piñeiro, Humberto Javier Michinel Alvarez, **Variational model for vortex quantum droplets**. Chaos, Solitons & Fractals Vol. 186, 115297. DOI: [10.1016/j.chaos.2024.115297](https://doi.org/10.1016/j.chaos.2024.115297)
3. Angel Paredes Galan, Humberto Javier Michinel Alvarez, **Self-trapping of vortex crystals via competing nonlinearities**, Physical Review E Vol. 109, 024216. DOI: [10.1103/PhysRevE.109.024216](https://doi.org/10.1103/PhysRevE.109.024216)

4. Marco Casanova Álvarez, Fermin Navarro Medina, Daniele Tommasini, **Feasibility study of a Solar Electric Propulsion mission to Mars**, Acta Astronautica Vol. 216, 129 - 142. DOI: [10.1016/j.actaastro.2024.01.001](https://doi.org/10.1016/j.actaastro.2024.01.001)
5. Xabier Prado, Angel Paredes Galan, Ivan Carlos Area Carracedo, José Manuel Domínguez Castiñeiras, Jorge Mira, Jorge, **The bismar scale and elastic collisions: a geometrical analogy**, European Journal Of Physics Vol. 45, 035009. DOI: [10.1088/1361-6404/ad3d42](https://doi.org/10.1088/1361-6404/ad3d42)
6. Jose Benito Vazquez Dorrio, Angel Paredes Galan, Miguel Angel Queiruga-Dios, **Hands-on visualization of the effect of fictitious forces with a laser pointer**, European Journal Of Physics Vol. 45, 015001. DOI: [10.1088/1361-6404/ad0aa3](https://doi.org/10.1088/1361-6404/ad0aa3)
7. Kakkar, Saloni Gupta, Payal Singh Yadav, Shiv Pratap Raj, Divakar Singh, Garima Chauhan, Sakshi Mishra, Manoj Kumar, Elena Beatriz Martin Ortega Stefano Chiussi, Kant, Krishna, **Lateral flow assays: progress and evolution of recent trends in point-of-care applications**, Materials Today Bio Vol. 28, 101188, DOI: [10.1016/j.mtbio.2024.101188](https://doi.org/10.1016/j.mtbio.2024.101188)
8. Watanabe, H. , Taileb, S. , Veiga-López, F. , Melguizo-Gavilanes, J. ,Chinnayya, A., **A simple predictive three-step chemical model for gaseous stoichiometric hydrogen-oxygen detonation quenching**, Combustion and Flame 268, 113609, DOI: [10.1016/j.combustflame.2024.113609](https://doi.org/10.1016/j.combustflame.2024.113609)
9. Enrique Aldao Pensado Fernando Veiga López Luis Miguel González De Santos González Jorge, Higinio Elena Beatriz Martin Ortega Maria De Las Nieves Lorenzo Gonzalez Maria Ines Alvarez Fernandez, **Dynamic graph advanced air mobility trajectory optimization under weather forecast uncertainty**, Journal Of Guidance Control And Dynamics Vol. 47, 1952- 1964. DOI: [10.2514/1.G007971](https://doi.org/10.2514/1.G007971)
10. J. Deus, Elena Beatriz Martin Ortega, **Efficient cardiovascular parameters estimation for fluid-structure simulations using gappy proper orthogonal decomposition**, Annals Of Biomedical Engineering Vol. 52, 3037, DOI: [10.1007/s10439-024-03568-z](https://doi.org/10.1007/s10439-024-03568-z)
11. Claudio Cerdeiriña Alvarez, Jacobo Antonio Troncoso Casares, **Ising paradigm in isobaric ensembles**, Entropy Vol. 26, 438. DOI: [10.3390/e26060438](https://doi.org/10.3390/e26060438)
12. Claudio Cerdeiriña Alvarez, Jacobo Antonio Troncoso Casares, **Ising model for the freezing transition**, Physical Review E Vol. 109, 014123. DOI: [10.1103/PhysRevE.109.014123](https://doi.org/10.1103/PhysRevE.109.014123)
13. González-Salgado, D., Troncoso, J. y Lomba, E., **The variation of the temperature of maximum density of non-polar solutes in water: insights from the pressure change in a constant volume solution process**, Molecular Phys. 122, 21. DOI: [10.1080/00268976.2024.2385573](https://doi.org/10.1080/00268976.2024.2385573)

14. Jacobo Troncoso, Diego González-Salgado. **The temperature of maximum density for aqueous solutions.** Journal of Chemical Physics, 160, 100902. DOI: [10.1063/5.0180094](https://doi.org/10.1063/5.0180094).
15. S. Blazquez, M. de Lucas, C. Vega, J. Troncoso, F. Gámez. **The temperature of maximum in density of aqueous solutions of nitrate and ammonium salts: Testing the Madrid-2019 force field.** Journal of Chemical Physics. Volume 161, 046103. DOI: [10.1063/5.0217827](https://doi.org/10.1063/5.0217827)
16. Marcos de Lucas, Samuel Blazquez, Jacobo Troncoso, Carlos Vega y Francisco Gámez. **Dressing a Nonpolarizable Force Field for OH- in TIP4P/2005 Aqueous Solutions with Corrected Hirshfeld Charges.** Journal of Physical Chemistry Letters 15, 9411 – 9418. DOI: [10.1021/acs.jpcllett.4c02261](https://doi.org/10.1021/acs.jpcllett.4c02261)
17. Fornella, Arno, **Quasi-linear time heuristic to solve the Euclidean traveling salesman problem with low gap.** Journal of Computational Science, 82, 102424. DOI: [10.1016/j.jocs.2024.102424](https://doi.org/10.1016/j.jocs.2024.102424)
18. Fernando Veiga López Mével, Rémy, **Detonation properties and nitrogen oxide production in ammonia hydrogen air mixtures.** FUEL, Vol. 370, 131794. DOI: [10.1016/j.fuel.2024.131794](https://doi.org/10.1016/j.fuel.2024.131794)
19. Fernando Veiga López Faria, Luiz Melguizo-Gavilanes, J., **Heat and momentum losses in H2 O2 N2/Ar detonations: on the existence of set-valued solutions with detailed thermochemistry.** Shock Waves Vol. 34 (páginas 273 a 283). DOI: [10.1007/s00193-024-01182-5](https://doi.org/10.1007/s00193-024-01182-5)
